



## GRUPO DE MONTAÑA COLEXIO APOSTOL SANTIAGO

MES marzo      DÍA 6-3-2010

Queridos amigos:

Neste mes de marzo deixaremos aparcado o GR-94 na nosa ruta a Santiago de Compostela que retomaremos máis adiante.

Para esta xornada imos facer unha ruta que percorre a parte alta do río Xabriña , afluente do río Tea. Transcorre polas parroquias de Paraños, Preto da Canda e a Lamosa . O percorrido total é de 18Km e ten como protagonista o río Xabriña e os seus afluentes. Presenta pouco desnivel xa que ascende suavemente dende Paraños no curso medio do río ata as altas terras da Canda. Estra ruta vainos permitir coñecer históricos camiños, unha boa arquitectura rural así como as actividades dos cereiros xa desaparecida. Combina á perfección os valores naturais co rico patrimonio etnográfico . As fermosas ribeiras do río e súa vexetación, fragas, prados, pontes , lavadoiros e cantidades de muiños que iremos atopando no noso camiñar

Animarvos a participar e lembrade levar roupa de recambio por si o tempo non nos acompaña, roupa que quedará no autobús.

A inscrición tendes que deixala, **no buzón de paraescolares ou ben mandala por correo (valle.sobrino@colegioapostol.com), antes do día, 4-3-2010**

Saída: **9:00** da mañá dende o colexio e regreso, ás **18:00**

PREZO: será arredor de 11 euros que se cobrará por conta bancaria (a cuarta persoa do grupo non paga)

**CORTAR POR AQUÍ E DEIXAR NO BUZÓN DE PARAESCOLARES.....**

<b>INSCRIPCIÓN-Anotámonos a esta actividade</b>	
<b>Alumno:</b>	
<b>Curso</b>	<b>Sección</b>
<b>Correo electrónico:</b>	
<b>Anótase comigo</b>	